

ANUNCIO da Comisión de valoración do procedemento de concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores durante os anos 2017 e 2018 polo que se convoca aos candidatos admitidos á realización da proba de idioma así como á posterior entrevista.

De conformidade co establecido no artigo 10.4 da resolución de 30 de decembro de 2016 pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2017 e 2018 publicada no DOG núm. 11 do 17 de xaneiro de 2017, procédese a convocar aos candidatos admitidos á proba de idioma.

INGLÉS:

Día: mércores 3 de maio

Hora chamamento: 9:30

Hora exame: 9:45

ALEMÁN:

Día: mércores 3 de maio

Hora chamamento: 11:00

Hora exame: 11:15

LUGAR: Aula Room Mate do Centro Superior de Hostelería de Galicia. Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba desenvolverase en dous exercicios:

-primeiro exercicio: consistirá nunha tradución ou redacción dun texto na lingua oficial do país elixido.

-segundo exercicio: consistirá nunha proba oral na que se avalíen as competencias en expresión e comprensión da persoa candidata na lingua do país receptor.

O chamamento comezará quince minutos antes de cada proba. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o DNI ou documento de identificación equivalente. Non estará permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Posteriormente, o luns 8 de maio a partir das 10:00 horas terá lugar a entrevista persoal na sede da Axencia Turismo de Galicia – Dirección de Competitividade. Os candidatos que non se presenten á entrevista quedarán automaticamente eliminados do procedemento de selección.

ENTREVISTA:

Data: luns 8 de maio

Hora: 10:00

Lugar: Axencia Turismo de Galicia – Dirección de Competitividade. Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de a Barcia) 15897

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017



A presidenta da Comisión de valoración

Laura González-Dopeso Portela

